

FINAIS ALTERNATIVOS

Texto 1

Dragal pechou os ollos sentindo a calor reconfortante daquel sol que o agarimaba. Por fin. Por fin era libre. Mirou ao seu arredor e pensou que, a pesar dos anos, aquela seguía sendo a terra onde nacera. Aquela terra na que sementara o caos tantos anos atrás. Aínda que os seus pensamentos foron interrompidos por unha dor insoportable no seu estómago. Tiña fame e, aquel ser de tales dimensións, por desgraza, non era herbívoro. Así que, dun brinco, saíu voando na procura dalgunha presa. A pesar dos anos transcorridos, aquel dragón non perdera os seus instintos e calidades. De xeito que logo chegou a aquel lugar onde se agochaban incontables adolescentes e que semellaba ser un edificio de "aprendizaxe".

Mónica atopábase na clase de Literatura, pero a pesar de que a profesora estaba explicando a parte da materia que á rapaza máis lle gustaba non podía deixar de pensar no seu amigo, e en como faría o día seguinte para desfacerse da súa nai e levarlle comida a Hadrián. Aínda que o que máis lle preocupaba a Mónica era que o seu amigo, ao día seguinte, estaría transformado nun monstro e o máis probable sería que a devorase.

Os seus pensamentos víronse interrompidos por un grande estrondo. De súpeto, a clase de Literatura, xunto con tódalas demais, foi asolagada por un intenso silencio que trouxo consigo o medo entre os nenos da aula. Nun primeiro momento Mónica pensara que estaban ante un terrible furacán. Mais pouco e pouco foi medrando no seu interior un pánico incontrolable. Non podía deixar de pensar no dragón. Un rapaz do fondo da clase ergueuse da súa cadeira e asomouse á ventá. De pronto, a súa cara volveuse dun ton moi pálido e, incapaz de articular palabra, caeu esvaecido ao chan. Varios compañeiros achegáronse a el ás presas e intentaron reanimalo. Cando volveu en si mantiña a pegada do terror no rostro e, após de tragar saliva, conseguiu dicir:

- Un dra... fóra... no patio... hai un... un...un dra... un DRAGÓN!!!!!!

Mónica notou que as pernas lle tremían e que o corazón xa non o notaba no peito, notáboas nas tempas. Unha pinga de suor fría esvaroulle pola fronte mentres un calfrío lle percorría todo o corpo. E agora... que ía facer?

De socato lebrou todos aqueles libros da biblioteca do pai de Hadrián. Se había algunha saída, tería que estar alí. Pero debía pensar en como saír do instituto sen que o resto se decatase e, o máis importante, sen captar a atención de Dragal.

Ocorréuselle que podería conducir os seus compañeiros ao pavillón do centro coa escusa de que así poderían agocharse do monstro, e mentres tanto ela escaparía sen ser vista. Así o fixo.

En media hora chegara á casa do seu amigo. Estaba baleira, por sorte. Aínda se demorou uns minutos sen saber que facer. Finalmente optou por coller unha pedra e esnaquizar a ventá do salón. Xa dentro, dirixiuse á biblioteca e coa chave que tantas veces lle vira coller a Hadrián introduciuse amodiño na sala. Procurou entre todos aqueles tomos cheos de po ata atopar o exemplar que buscaba. Pasou freneticamente as páxinas ata chegar á parte dos dragóns, e comezou a ler. Unha páxina, dúas, tres... Non atopaba nada de utilidade. Catro, cinco, seis... Comezaba a desesperarse ata que lembrou a Poza da Moura. Hadrián xa vencera o dragón alí unha vez. Podería ser a súa única oportunidade.

Colleu o libro e correu, correu coma se a perseguisen. Decidiu ir primeiro á Igrexa de San Pedro e contarlle todo a don Xurxo.

- Agora só falta levalo ata alí... Pero como o conseguiremos? - dicía Mónica desesperada.

Don Xurxo achegouse ao altar, ergueu unha táboa e sacou algo semellante a unha campá.

A Mónica as inscricións que había naquel obxecto recordábanlle o medallón de Hadrián.

- Eu o atraerei ata alí. Ti corre e agóchate!

Tan veloz como lle permitiron as súas pernas, Mónica comezou a correr e non deixou de correr ata chegar a aquela árbore na que o pai de Hadrián fixera unha marca anos atrás. Agochouse entre uns arbustos e agardou. A espera fíxoselle eterna. De súpeto oíu un estrondo que xa coñecía e soubo que chegara o momento. Pechou os ollos, sentiu un tremor e unha calor insoportable. Cando volveu abrílos estaba rodeada de lume. Aquelas lapas que chegaban case aos dous metros de altura, cercábana por completo. Volveu pechar os ollos. Outro ruído. Un gruñido. Un berro de don Xurxo e asemade un son que á rapaza lle recordou o verán cando ían ao río e tiraban pedras na auga. Coa diferenza de que aquel obxecto que caera na auga pesaría unhas mil veces máis ca as pedriñas que ela acostumaba tirar. Decatouse de que despois dese ruído comezara a chover, así que abriu os ollos. A caída de Dragal na auga apagara o lume e non había pegadas nin do sacerdote nin do dragón.

Mónica comezou a chorar porque sabía que agora debía esperar e rezar porque Hadrián tivese a suficiente forza para vencer de novo aquel ser abominable. Tocaba agardar.

E así o fixo. Pero por moito que mirase a auga, só era capaz de distinguir o seu reflexo e as ondiñas que provocaba a caída das súas bágoas. Cando xa estaba a piques de marchar, ollou unha burbulla procedente do interior daquelas escuras augas. Ducias e ducias de burbullas agromaron do interior daquel pozo. E viuño. Viu o rostro esbrancuxado de seu amigo outra vez.

Non podía conter o pranto. Sacouno da auga e sentaron herba. Ficaron calados. Miráronse, incapaces de articular palabra ningunha. Xa venceran a Dragal dúas veces... e sabían que regresaría, así que tiñan que procurar a forma de derrotalo outra vez máis.

LUCÍA HERRERO VALCARCE. 3º ESO B

Texto 2

Nada máis saír das catacumbas da vella igrexa de San Pedro, Hadrián en compañía de Mónica sentíase máis forte, máis vigoroso. Notábase diferente con respecto a aquel neno tímido, sempre absorto no seu particular mundo. Por vez primeira sentía inquedanzas ante calquera cousa. Todo lle preocupaba e non lle daba as costas aos problemas. En definitiva, sentíase distinto.

Nunca ata o de agora experimentara esa sensación. Dunha vez por todas quería ser protagonista e coidaba que co espírito de Dragal, o último dragón galego, aloxado no seu corpo, podería axudar a todos os cativos que o necesitasen. Oxalá el tivese no seu momento a oportunidade de que alguén o defendese cando era vítima das burlas e risas dos seus compañeiros, sobre todo de Brais.

Dende agora ninguén ía someter a ninguén, habería unha xustiza igual para todos e Hadrián sería quen de "arbitrar" as decisións. Por iso o noso protagonista, todas as medias noites se reencarnaba en Dragal co fin de coarse nos soños de todos os rapaces que precisaban da súa axuda.

IRATI GARRIDO RODRÍGUEZ. 3º ESO B

Texto 3

Tras manter unha conversa con Dragal, Hadrián decidiu completar por fin a metamorfose.

-Xa que son o Gran Mestre, vou ser o que realmente consiga conquistar o mundo.

Polo que parece o poder de Dragal subiuselle a cabeza a Hadrián. Foi decantándose de que Dragal tiña o suficiente poder como para convertelo en dragón e, ao mesmo tempo, cando lle apetecía, deixar esta forma e converterse en humano.

Mónica tamén sabía o poder de Dragal, xa que fora ela a que o descubrira no libro de frei Paulo de Misteri e estaba preocupada polo seu amigo.

Hadrián, tras pasar moito tempo na poza da Moura, decidiu saír e por fin completar a metamorfose. Para estar máis tranquilo e non ser visto por ninguén, preferiu volver ás catacumbas. E por que entrar nas catacumbas? Porque alí cría que tiña o mellor hábitat para acabar a transformación.

Hadrián non tivo problema ningún ao entrar nas catacumbas, xa que descubrira a entrada pola poza onde actualmente estaba agochado. Xa dentro, unha especie de forma fantasmal apareceu diante del, era o seu pai!

Hadrián quedou perplexo, o seu pai estaba diante del. Levaba unha vestimenta estraña, vestía como se dora un soldado do Medievo.

-Hadrián, -dixo a forma- vexo que xa descubriches o meu segredo. Espero que non esteas enfadado comigo por esconderche isto, pero precisaba protexerte deste poder.

-Pero, papá, porque eu teño que albergar a Dragal?

-Como xa sabes es fillo de dous descendentes directos de cabaleiros de Dragal. Ti es o único fillo de dous cabaleiros de Dragal, es capaz de albergar o poder de Dragal sen sufrir ningún dano no teu corpo. Non es o único que o intentou, un dos meus compañeiros tamén sufriu a metamorfose, pero el non tivo a mesma sorte ca ti desgrazadamente morreu no acto.

Hadrián quedou mudo. De súpeto comezou a sentir unha dor interminable e non podía parar de berrar.

-Ahhhhhhhhhhhhhhh!!! Papá, que me está pasando?

-A metamorfose está a piques de completarse. Aguanta un pouco. Non te abandonarei, adeus Hadrián.

Esas foron as últimas palabras de seu pai. Despois o corpo do rapaz empezou a brillar e os seus berros eran cada vez máis intensos.

-PAPAAAAÁ!!!

Tras o alarido, Hadrian xa por fin era un dragón.

-Moitas grazas Hadrián –sentiu una voz- agora xa podemos vingarnos de todos aqueles que querían acabar co poder de Dragal. Empezaremos por Mónica.

Tras estas palabras que resoaban na súa cabeza, Hadrián volveu sufrir unha segunda metamorfose, pero desta vez o brillo foi máis intenso.

-Dragal, non poderás co Gran Mestre, vou acabar contigo!!!

Dragal e Hadrián xa non eran o mesmo corpo. O mozo era diferente; vestía unhas roupas parecidas ás do seu pai. Aparecera o Gran Mestre! Hadrián volveu a gritar.

-Dragal, vas descubrir o poder que realmente ten o Gran Mestre!!

Despois destas palabras as catacumbas empezaron a derriubarse.

-Hadrián, vas pagar pola túa insolencia. A única maneira de pagar una traición, é a morte!!

-O único que vai morrer aquí es ti.

Hadrián estaba desarmado, pero ao no medio de todas as rochas caídas, xurdiu a lendaria espada do Gran Mestre, tamén coñecida como “Dracogladius”.

-Unha espada, por fin o Gran Mestre matará a Dragal!!

-Dragal non morrerá por culpa dun neno tan inútil coma ti.

Despois destas palabras de Dragal, Hadrián lanzouse ao ataque, e cun corte limpo, cortoulle as ásas e una parte da cola.

-Maldito!! Pagarás pola túa... Agh...

Hadrian matou a Dagal dun corte limpo no pescozo.

Despois dunha choiva de sangue, estalou un raio de luz que derribou a Hadrian e deixouno mal ferido. Do fondo das catacumbas o rapaz escoitou una voz coñecida, era Mónica que, preocupada ao non encontralo na poza, supuxo que volverá ás catacumbas.

-Hadrian!!!-exclamou Mónica.- Que che pasou?

-Mónica, lévame a poza da Moura por favor.-dixo Hadrian entre bágoas.

Ao chegar, Mónica deulle un bico antes de botalo a auga.

-Hadrian, non me abandones nunca.- Despois deulle outro.

Despois destes sucesos non soubemos exactamente o que pasou, simplemente sabemos que Hadrian e Mónica volveron á casa e uns meses despois xa estaban completamente recuperados.

Anos máis tarde Hadrian e Mónica decidiron visitar de novo as catacumbas, o que lles sorprendeu foi que Dragal aínda non desaparecerá dese lugar, o último que se escoitaron foi:

-O Gran Mestre venceu o mal? Creo que non... Dragal volverá

LEANDRO FERNADES REI, 3º D